

eusumo

Cooperativismo e Economía Social



eusumo

REVISTA DA REDE EUSUMO. Nº 1. ANO I

**COWORKING E CULTURA · IGUALDADE NAS
COOPERATIVAS · CONSELLOS · BOTAN A ANDAR ·
REFERENCIAS COOPERATIVAS · NOVAS DA
ECONOMÍA SOCIAL · SECTORES CON POTENCIAL**



eusumo

Cooperativismo e Economía Social

Eusumo é unha rede impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor no ámbito local, comarcal e transfronteirizo prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social, no territorio de actuación.

Consulta tódolos servizos en www.eusumo.coop



**CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS**



**XUNTA
DE GALICIA**

CRECIMENTO E INNOVACIÓN

Seguramente crecemento e innovación son dúas das palabras que mellor recollen a evolución da economía social en Galicia nesta segunda década do século XXI.

O tecido cooperativo galego está a rexistrar un crecemento significativo ano a ano. Desde 2010 ata xuño de 2013 constituíronse un total de 179 cooperativas, e houbo ademais un lixeiro incremento entre os diferentes períodos anuais, de xeito que en 2010 se crearon 42; en 2011 foron 48; en 2012 sumáronse 58 e no primeiro semestre do 2013 xa se contabilizaron 33. Así, a mediados de 2013 existían en Galicia 1.194 cooperativas activas que agrupan máis de 90.158 socios e socias e crean preto de 19.000 postos de traballo, entre directos e indirectos, unha cifra que se aproxima a un 2% da poboación ocupada.

E este crecemento continuo vai acompañado pola innovación: moitas das cooperativas novas conseguen facerse un oco no mercado investigando como satisfacer as necesidades de persoas e empresas e lanzando produtos e servizos innovadores.

Pola grande importancia da economía social, o orzamento do Goberno galego neste eido volve superar en 2013 os catro millóns de euros e aposta por programas e iniciativas pioneiras para dar apoio e cobertura a todas as persoas e proxectos que aposten por esta fórmula empresarial.

A Rede Eusumo, que se puxo en marcha en 2012, estase a fomentar de xeito decidido e medra coa incorporación de novas entidades. Precisamente para facilitar e promover a creación de novos proxectos, a Xunta modificou en 2012 a Lei do Cooperativismo vixente desde 1998.

Outras novidades recentes son o programa Coopera Máis para articular medidas que contribúan a fomentar e consolidar as cooperativas na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a marca Coopera, un distintivo para impulsar a fórmula das cooperativas, e promover os seus produtos e servizos de calidade.

Todas estas iniciativas van dirixidas a apoiar a economía social, contribuíndo a un maior crecemento e a que se amplíe a innovación como garantía de futuro.

SUMARIO

5. ENTREVISTA A BEATRIZ MATO

8. REFERENCIAS COOPERATIVAS

Da horta ó mercado. Maier Ferroplast. Ría de Arosa. Caixa Rural Galega. Aprodact

16. IGUALDADE

18. SERVIZOS SOCIAIS

22. BOTAN A ANDAR

Esmuvigo. O cable inglés. Cofee Park, Tu autoescuela. Xeira Consultora. Maragota. Pemento de Arnoia. Rede Apoio. Inde. Nevala.

31. I+D

Viñas atlánticas. Cooperativas do ensino. Feiraco Antiox.

36. ESCAPARATE

38. SECTORES CON POTENCIAL

Sector cultural. Cooperativas que nacen doutras.

42. NOVAS DA ECONOMÍA SOCIAL

Premios cooperación. ONU. Coworking Gaiás. Libros.

48. INFANTIL

50. CONSELLOS

52. INFORME REDE EUSUMO

54. SABÍAS QUE

55. NOVOS CENTROS

57. DIRECTORIO

EDITA: Rede Eusumo – Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia / Consello Galego de Cooperativas. **TEXTOS E FOTOGRAFÍAS:** Rede Eusumo. **DESEÑO & MAQUETACIÓN:** Alberto Pouso. **CONTACTO:** Rede Eusumo. Edificio Administrativo San Lázaro, Consellería de Traballo e Benestar. 15781 Santiago de Compostela. **TELÉFONO:** 981 544 647. **WEB:** www.eusumo.coop
CORREO ELECTRÓNICO: info@eusumo.coop



"SOMOS UNHA SOCIEDADE CON MÚLTIPLES EXPERIENCIAS DE COOPERACIÓN"

Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar

- En Galicia contamos cunhas 1.200 cooperativas con máis de 90.000 socios e socias, a pesar de que aínda existe o tópicos das galegas e galegos como individualistas. ¿En que medida os datos sobre o cooperativismo en Galicia, rompen con este tópicos?

O cooperativismo en Galicia ten presenza desde principios do século XX, e a cooperación e solidariedade ten antecedentes nas institucións de axuda mutua, explotacións veciñais, mutuas gandeiras, etc.

Pola súa parte, nas décadas dos setenta e oitenta do pasado século supuxo unha ferramenta moi importante para atallar os efectos da crise industrial e de emprego tanto no mundo rural coma no urbano. Somos unha sociedade con múltiples experiencias de cooperación e con importante presenza das cooperativas.

- Fixar poboación no ámbito local e aproveitar os seus recursos parece ser outra das vantaxes das empresas de economía social. ¿En que aspectos



pode o cooperativismo facilitar a revitalización do rural galego? ¿En que sectores ten maior aceptación a creación de cooperativas?

As cooperativas son empresas vinculadas ao territorio e a súa razón de ser é buscar o benestar económico e social das persoas que a forman. Por iso non abandonan o seu medio. As cooperativas agrarias, por exemplo, están a ser un importante instrumento para evitar o despoamento no medio rural.

As cooperativas de traballo permiten acceder ao emprego en igualdade, sendo moi importante o seu peso no emprego feminino. Son moitas as necesidades que existen no medio rural e que poden dar lugar a iniciativas desde o cooperativismo: desde as máis tradicionais como a comercialización da produción agraria, gandeira ou pesqueira, ata novos servizos como os de atención a persoas dependentes, servizos de educación, cultura e turismo, e mesmo industria de transformación dos produtos básicos de cara a deixar no territorio un maior valor engadido.

- A Rede Eusumo, creada no 2012, permitiu xa a creación de 27 cooperativas e a creación de máis de 100 empregos directos. ¿Coa crise, hai agora maior predisposición da cidadanía para poñer en marcha os seus propios proxectos de emprego sen agardar a atopar traballo por conta allea?

O cooperativismo ten demostrado ser unha dinámica anticíclica, de forma que en etapas de recesión se crean máis cooperativas que en etapas de expansión económica. A cooperativa permite transformar o problema do desemprego nunha oportunidade de levar adiante iniciativas propias, con maior autonomía, mellor clima laboral e máis flexibilidade de cara á conciliación da vida laboral e familiar. Desde a Rede Eusumo dáse todo o apoio formativo, de asesoramento e de acom-

pañamento a aquelas persoas que queren afrontar este tipo de retos.

- Recentemente modificouse a Lei do Cooperativismo para facilitar a creación de novas cooperativas, tamén hai formación e axudas para poñer en marcha novos proxectos. ¿Que impacto se espera a medio prazo destas medidas?

Todas as medidas tomadas buscan apoiar o cooperativismo e a economía social cun obxectivo central: o mantemento e a creación de emprego. Desde a Xunta de Galicia, en colaboración coas asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, lévanse anos traballando de forma colaborativa nesta liña e, no momento actual cóntase con recursos humanos e unhas liñas de traballo contrastadas que nos permitirán incidir no emprego de forma significativa.

“AS COOPERATIVAS DE TRABALLO PERMITEN ACCEDER AO EMPREGO EN IGUALDADE”

- Considéranse as cooperativas e as sociedades laborais como empresas con maior resistencia fronte á crise e con maior énfase no mantemento do emprego. ¿Cal é a clave para esta flexibilidade?

Nas cooperativas as persoas e as súas necesidades ocupan un lugar central. Por iso adoita optarse por fórmulas de reparto do emprego antes que polo despedimento. Tamén se buscan novos produtos e mercados co obxectivo de manter todos os postos de traballo, sendo as cooperativas empresas moi inclinadas á innovación.

DA HORTA Ó MERCADO, DA MAN DE COOPERATIVAS

Dous proxectos xa en marcha aspiran a mellorar a comercialización da faba de Lourenzá e do grelo de Ordes.

“Había anos que se falaba de poñer en marcha unha iniciativa en favor da faba de Lourenzá, de facer proxectos, estudos...”, explica José Cuadrado, pero o empurrón definitivo foi “un proxecto que presentamos ó Concurso de Iniciativas Cooperativas” que se entregaron o pasado 6 de xullo, Día do Cooperativismo.

Cuadrado é unha das persoas que xa abriron o proceso para ver a viabilidade de iniciar unha cooperativa que agrupe as familias produtoras, que se desenvolve co apoio da Consellería de Traballo e Benestar e da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA).

“Buscamos que o prezo sexa máis estable, que se garanta maior beneficio, pois hoxe é moi inestable e ás veces non cobre os custos de produción”, asegura.

Por iso, na súa opinión, hai que atopar “unha nova vía de saída, unha nova canle” para a produción, de xeito que se precisa unha asesoría técnica e mesmo, para que sexa máis competitiva, mellorar a calidade da faba a través da selección da semente.

“A faba de Lourenzá é de moi boa calidade, e coñécese ben porque non se lle desprende a pel cando é requentada”, sinala José Cuadrado, quen lembra que a colleita “comeza normalmente a finais do verán e acaba a finais do outono”, aínda que este

ano vai con algo de atraso xa que cando cumpría sementala non se daban as condicións meteorolóxicas axeitadas.

O produto ten ademais a súa propia festa, que se celebra na primeira fin de semana de outubro no concello lugués de Lourenzá, e onde se poden degustar “desde fabadas asturianas ata fabas con marisco, empanada de fabas ou torta de fabas”. Precisamente moitas receitas de cociña con este produto de calidade poden encontrarse na web do Centro de Interpretación da Faba en www.fabadelourenza.com.

Mentres, noutra comarca, a coruñesa de Ordes, estanse dando pasos para analizar a constitución doutra cooperativa que permita mellorar a comercialización dun produto desta terra que ten moita sona, o grelo. O pasado 28 de agosto celebrouse unha xuntanza da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ordes á que asistiron agricultores e representantes de colectivos vinculados co sector.

A proposta foi ben acollida, tal como recolleron os medios de comunicación, polos beneficios que se obterían no proceso produtivo, na distribución e na venda, polo que se acordou continuar coas reunións necesarias para botar a andar unha cooperativa, co apoio da Consellería de Traballo e Benestar, da Rede Eusumo e da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA).



MANTER O EMPREGO É UNHA DAS FILOSOFÍAS DA COOPERATIVA

Maier Ferroplast, con sede no Porriño, é a primeira empresa galega que adopta o modelo de sociedade cooperativa mixta, na que non só persoas poden ser socias, senón que tamén as cooperativas poden selo. O proceso de cambio de modelo comezou no 2008 e culminou co 2012. O presidente da firma, Julen Madariaga Otazua, explícanos nesta entrevista algunhas das claves.

- ¿En qué estratexia se enmarca o paso de Maier Ferroplast de sociedade limitada a sociedade cooperativa galega?

- Unha parte importante do capital era propiedade de Mondragón Inversiones, do Grupo Mondragón que como é sabido é de orixe cooperativa. E entra dentro da súa misión crear postos de traballo de calidade e cooperativos, polo que despois

de case 17 anos de presenza en Maier Ferroplast pensamos que era o momento de darlles a oportunidade a outras persoas de ser socias. Hai que dar estes pasos sempre no momento adecuado, non cando unha empresa estea perdendo diñeiro, e intentar que as persoas que pasaron moitos anos traballando noutro modelo se convenzan das vantaxes de ser socias dunha cooperativa.



Que foi o mellor e que foi mellorable da experiencia de Maier Ferroplast como primeira sociedade cooperativa mixta de Galicia?

- En 2008 empezamos o proceso e naquel momento descoñecía-se a fórmula de cooperativa mixta en Galicia. Para min tamén foi sorprendente descubrir esa posibilidade, e hai que dicir que é difícil que sexa outra fórmula para empresas coma Maier Ferroplast, que conta con servizos compartidos coa outra factoría de Maier no País Vasco, como marketing ou desenvolvemento de produtos, para captar pedidos, para facer investigación. Trátase da mellor forma de participación, xa que a empresa ten un enorme valor, o que fai imposible que a adquiriran só os socios e socias.

- ¿Existen outras experiencias similares no Grupo Mondragón?

- Si, arredor de dez, pero xa había dúas leis anteriores á de Galicia, a do País Vasco e a estatal. E creo que foi unha boa experiencia. Nós levamos un ano, e aquí a xente ten que ir adaptándose ó cambio, por exemplo

en lugar de salario cobra anticipos. E existen tres órganos de xestión: o consello reitor, o consello social e un órgano especial que chamamos comisión delegada. Esta comisión está integrada polo presidente e por tres socios ou socias, e reúnese unha vez por mes, ten facultades sobre a vida diaria na empresa delegadas polo consello reitor, e válenos tamén de preparación dos asuntos que se van tratar no consello reitor.

- ¿Como viviu todo o proceso o persoal?

- Require moita educación cooperativa, hai todo un percorrido. De momento é moi pronto, moi prematuro valorar o proceso, pero hai moitas persoas que están moi implicadas.

- A conversión en cooperativa, ¿permitiu afrontar mellor a crise? ¿Como inflúe no persoal o feito de ter a propiedade dun terzo da empresa?

- Comezamos o cambio antes da crise e non tivemos que recorrer a ningún expediente de regulación de emprego, aguantamos, aínda que houbo unha caída moi



importante das vendas do 2009. Manter o emprego é unha das filosofías da cooperativa. Cando o persoal ten máis información sobre a marcha da empresa, como sucede nas cooperativas, a xente entende mellor os problemas e os camiños para soluciónalos.

- Os seus clientes, ¿notaron de algún modo o cambio de modelo de sociedade?

- Non, todo o grupo Maier funciona da mesma maneira, e xa antes se funcionaba ben.

- A conversión de sociedade limitada a sociedade cooperativa galega, ¿foi unida a algún plan de relanzamento, diversificación ou reconversión tecnolóxica?

- Había investimentos importantes que xa estaban previstos, como o investimento en maquinaria, que agora son unha aposta en común. O proxecto de Maier non é para dous anos, queremos que sexa un proxecto para décadas.

- ¿É factible implantar en Galicia o mes-

mo modelo en máis industrias?

- É un modelo factible, viable, só hai que ter vontade. As vantaxes son de cara a dentro da empresa, de cara a fóra hai que moverse coma calquera empresa da competencia. Coa relación entre as persoas, con conversacións, conséguense máis cousas.

- ¿Que é o que máis lembra do proceso de cambio?

- O que máis costou foi a modificación da lei, que se conseguiu grazas a que houbo apoio por parte da Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado, Ugacota, das cooperativas agrarias... e a Xunta traballou tamén moi intensamente e daquela foi posible. Igualmente foi clave o empeño e o apoio do grupo Maier. Cada cousa nova dános a oportunidade de aprender e de equivocarnos, e se recoñecemos que nos equivocamos temos a posibilidade de mellorar. En resumo, identificar, ser consciente e actuar. E logo adaptarse ás condicións de mercado, ás persoas. As máquinas e os materiais son comúns a moitas empresas, o que fai a diferenza son as persoas.



RÍA DE AROSA, O MARISQUEO SOSTIBLE E CON CERTIFICACIÓN

Con sede na parroquia de Abanqueiro do concello coruñés de Boiro, a cooperativa Ría de Arosa constituíuse en xullo de 1973 con 181 persoas asociadas e cun proxecto de explotación marisqueira racional e continuo, que aspiraba a ser viable economicamente e producir emprego e riqueza para a comarca e que permitira a actividade continuada das persoas que se dedicasen a esa actividade. Hoxe son xa máis de 400 persoas as que continúan ese labor nun proceso de mellora ininterrompida. Recuperar as praias da parroquia e crear emprego nunha comarca onde a emigra-

ción era algo cotiá foron uns dos primeiros obxectivos, e para acadar o éxito considerouse fundamental pechar o ciclo biolóxico e comercial das especies a cultivar, o que implicaba producir semente e facer un seguimento dos procesos produtivos e comerciais. Para isto, segundo revela a cooperativa na súa web, foi precisa a “formación continuada” de socias e socios e da directiva da entidade, algo “primordial” nunha empresa de economía social, pois para poder votar nas asembleas é necesario contar con suficiente información e formación.



Corenta anos despois, e xa con máis de 400 socios e socias, os logros “son espectaculares”, tanto pola recuperación das zonas de cultivo como nos rendementos en quilos por metro cadrado, que desde a cooperativa aseguran que é o máis alto de Galicia, aínda que pola “escasa superficie” outorgada para o marisqueo as rendas que se reparten son tamén relativamente “baixas”.

Tanto a extracción como a comercialización e demais traballos fanse de forma colectiva, as capturas anuais son de arredor de 20 toneladas e polo coidado proceso que se segue na cooperativa para obter o marisco, a organización mundial e independente sen ánimo de lucro Marine Stewardship Council decidiu outorgarlle un certificado de sostibilidade para as súas capturas de ameixas fina, babosa e xaponesa e berberecho.

As ameixas e berberechos capturados pola cooperativa terán dereito a portar a ecoetiqueta azul do MSC, que asegura “que o produto do mar provén dunha pesquería sostible”, constituindo así “unha forma fácil e rápida á hora de facer a mellor elección medioambiental en produtos do mar”.

O estándar medioambiental do MSC para a pesca sostible, é unha ferramenta que nos permite demostrar a sostibilidade do noso modelo, situar a produción baixo unha ecoe-

tiqueta que representa máis do 10% das capturas globais así como dotar a Galicia das primeiras ameixas e berberechos certificados de España”.

Os métodos de pesca empregados son o marisqueo a flote e a pé. O marisqueo a flote realízase desde embarcacións duns cinco metros de eslora, mediante o “rastreo de vara larga”, que ten uns dentes separados entre si a distancia suficiente para impedir a retirada de almeixas de talla inferior á mínima legal. Ademais, como reforzo, cada 45 minutos os gardapescas da cooperativa fan un control das extraccións onde clasifican o marisco por especie e talla.

O marisqueo a pé efectúase en áreas previamente acoutadas, empregando sachos. O marisco recolectado é retirado cada 30 minutos para a súa clasificación, que se fai a pé de praia, poñendo especial atención nas tallas mínimas.

A Cooperativa tamén investiu nun criadeiro de semicultivo de ameixas para a mellora das condicións da zona de marisqueo, e a comercialización dos produtos obtidos realízase nunhas novas instalacións que inclúen unha nave de manipulación, sendo o destino da produción o mercado galego e outros mercados españois.



CAIXA RURAL GALEGA

www.caixaruralgalega.es

Fundada en 1967, esta sociedade cooperativa de crédito limitada galega ten a súa sede central en Lugo e un total de 46 oficinas na comunidade, con preto de 150 persoas empregadas. É distinta dunha caixa de aforros tradicional, posto que é unha cooperativa crediticia participada por 15.000 socias e socios, pero está obrigada por lei a destinar parte dos seus beneficios a fins sociais.

No 2012, segundo informou nun comunicado, incrementou os depósitos de clientes un 11,4% e a concesión de créditos un 6,7% "malia a complicada situación da

economía" española. Pechou o ano pasado cun beneficio neto de 1.046.000 euros, unha caída dun 42,6% respecto de 2011, pero "un éxito" por lograr beneficios malia asumir todas as dotacións impostas polo Goberno.

Para dispoñer de maior oferta de servizos bancarios coopera con outras entidades similares a través do Grupo Caja Rural, que en conxunto conta con máis de 3.600 oficinas e 13.000 persoas empregadas, cuns activos de máis de 59.000 millóns de euros e uns fondos propios de máis 4.700 millóns de euros.



NOVE COOPERATIVAS UNEN FORZAS EN APROLACT

Negociará un prezo do leite que lles achegue rendas dignas ás persoas que viven da gandería

Aprolact S. Coop. é unha realidade desde febreiro: é unha cooperativa de segundo grao que funciona como organización de produtores, agrupando máis de 1.600 persoas asociadas en nove cooperativas galegas. Estas decidiron unirse para reforzar a súa actividade económica mediante a concentración da oferta, e reclamar así un mellor prezo para o leite, que se desplomou unha vez iniciada a crise económica, no 2009. Aínda que non comercializará conxuntamente o leite nin fixará o seu valor, negociará mellores prezos e condicións dos contratos coas industrias.

A Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), que impulsou a iniciativa posta en marcha polas cooperativas, indica na súa web que “a creación destas organizacións, cunha dimensión relevante, tanto en volume como en número de produtores asociados, facilitará o equilibrio da posición dos produtores na cadea alimentaria e a eficiencia no proceso produtivo, transformador e comercializador”.

En definitiva, trasladaralle estabilidade e seguridade ás explotacións gandeiras e ás familias que viven delas.

IGUALDADE VALOR COOPERATIVO



O modelo do cooperativismo ten potencial para garantir o acceso igualitario a un ámbito onde non sempre existe, o laboral. Os principios cooperativos favorecen isto: a libre adhesión garante o acceso das mulleres como socias, evitando discriminación para a súa admisión; a xestión democrática co principio “unha persoa-un voto” obriga á participación en igualdade, e favorece a presenza activa das mulleres nos distintos niveis da empresa e nos espazos ou órganos de toma de decisións; formación e información, claves para a participación e a autoxestión cooperativa, favorecen o acceso a espazos de xestión e dirección; e finalmente o compromiso coa sociedade, esixe a defensa da igualdade de oportunidades.

Estes principios e valores sitúan as cooperativas como empresas socialmente responsables no eido da igualdade, con resultados moito mellores que outras fórmulas empresariais. Segundo datos de 2010 do informe ‘Cooperativas de Galicia. Informe de síntese’ (USC, Xunta de Galicia):

- No caso de persoas socias-traballadoras, as mulleres representan en Galicia o 44,4%. Son o 40,7% das persoas socias nas cooperativas creadas nos últimos dez anos, e o 50,6% nas cooperativas dos últimos tres anos.
- Existe un 21,12% de cooperativas constituídas só por mulleres.
- O nivel de emprego feminino nas cooperativas é do 41,8%
- No 60% das cooperativas existen servizos que melloran a conciliación persoal, laboral e familiar, principalmente a flexibilidade horaria.

Con todo, a igualdade real está aínda lonxe de acadarse, mesmo no ámbito cooperativo: segundo datos da Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado, as mulleres representan o 62% do total da man de obra do sector cooperativo de servizos e o 36% do sector industrial. Neste úl-

timo sector, o 67% das mulleres son socias e o 28% asalariadas, mentres que no sector servizos as asalariadas supoñen o 59% e as socias o 37%. A presenza das mulleres é maioritaria no sector do ensino, servizos, téxtil ou sanidade e preséntase marxinal no sector da construción e industrias como metal ou gráficas.

Outro reto é o acceso a postos directivos: os datos para Galicia son mellores nas cooperativas que no común das empresas, pero aínda así, no acceso a postos directivos en Galicia, só un 43,75% das presidencias de cooperativas de traballo asociado están ocupadas por mulleres. Esta porcentaxe é do 31% se excluimos as cooperativas constituídas só por mulleres.

O estudo do 2012 ‘Mulleres activas nas PEMES. Cooperativas de traballo e sociedades laborais de España, Francia e Italia’ conclúe que “existe un modelo empresarial, con ampla tradición, como é a cooperativa de traballo, onde a muller desenvolve o seu potencial persoal, familiar e laboral”. Entre os logros do modelo están:

- Desaparece a fenda salarial.
- Existe conciliación persoal e laboral.
- Hai formación para a muller, nas mesmas condicións que para o home. En España as mulleres constitúen o 60% da totalidade de persoas que se forman.
- Avanza a democracia social, a través da democracia económica.
- Participase na xestión empresarial, o que redundará na flexibilidade nas negociacións salariais, de horarios, permisos, organización do traballo, etc.
- Poténciase o liderado e o potencial emprendedor da muller.
- Xérase emprego de carácter indefinido.

O punto feble é que polo de agora existe unha maior presenza feminina en actividades realizadas tradicionalmente por mulleres.



OPORTUNIDADES NOS SERVIZOS SOCIAIS

O Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 recolle o avellentamento da poboación galega como un dos grandes retos da sociedade para os vindeiros anos. Neste escenario de envellecemento continuo hai ademais unha alta porcentaxe de poboación dependente, sobre todo no ámbito rural, no que simultaneamente se rexistra unha taxa de actividade feminina baixa. Por iso, a guía da Rede Eusumo 'Cooperativismo nos servizos sociais' sinala que "a economía da saúde, os servizos á terceira idade e os servizos de benestar serán un dos eixos de desenvolvemento económico estratéxicos".

É posible, daquela, "promover a actividade económica neste sector, baixo a fórmula cooperativa, que ten demostrado xa ser unha fórmula creadora de emprego en época de crise, apegada ó territorio, preocupada polo benestar e igualitaria", resume a guía.

Teleasistencia, axuda no fogar, centro de día, atención residencial, apoio a coidadoras, atención psicolóxica, programas socioeducativos, terapia ocupacional ou

inserción laboral son algunhas das actividades que coñecemos baixo a denominación de servizos sociais. Os tipos de cooperativas que prestan estes servizos son as de traballo asociado, servizos sociais -que poden obter o recoñecemento de entidades sen ánimo de lucro-, integración social e finalmente cooperativas de consumo.

En Galicia existen xa máis de 30 cooperativas con actividade no eido dos servizos sociais. Case todas prestan servizos sen aloxamento e a maior porcentaxe delas están na provincia de Ourense (35%), fronte a 29% A Coruña, 16% Lugo e 19% Pontevedra.

A Rede Eusumo ofrece un apoio específico para facilitar formar empresas de economía social neste sector, que inclúe o asesoramento e acompañamento de grupos promotores, contacto con administracións, asociacións e persoas interesadas, compilación de información, estudos de poboación, formación en economía social ou maduración de grupos promotores, entre outras accións.



EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL

A CARÓN

Con sede no concello pontevedrés de Cangas, está especializada en coidados a persoas maiores, discapacitadas e hospitalizadas, e oferta ademais servizo de canguro e limpeza en xeral para empresas, particulares e comunidades.

ABELLAO

Desde o concello ourensán de Ribadavia, oferta servizos de atención persoal, acompañando a persoas dependentes e realizando as tarefas domésticas que non poden facer, xunto con servizos 24 horas de atención personalizada a persoas dependentes en hospitais e no fogar ou traslados de persoas a rehabilitacións, fisioterapia, etc.

ACOLÁ

<https://gl-es.facebook.com/acola.cooperativa>

Constituída no concello coruñés de Ames, “ofrece servizos para a conciliación da vida familiar e da laboral”, indica unha das socias, Paz. Servizos como por exemplo acompañar ou darlles a comida e a medicación a persoas dependentes, pero tamén tratar de involucrar persoas maiores en actividades de socialización coma recuperación da memoria oral ou de xogos populares.

ARMÉRÍA

<http://armeriacooprativa.blogspot.com.es>

Tal como indica no seu blog, ten como obxectivo “promover actividades de economía social que incidan favorabelmente na calidade de vida das persoas” nas comarcas de Ferrol, Terra de Trasancos, Bezoucos e Eume. Dentro da cooperativa as actividades organízanse por seccións: Grupo de Apoio ás Finanzas e Seguros Éticos, Comisión de Viaxes Educativas e Solidarias, Comisión de Organización de Eventos, Centro Comarcal de Comunicación e Recuperación e Comercialización Alternativa de Roupas e outros Complementos de Segunda Man. Para asociarse a Arméria hai que contribuír con 30 euros ou 5 horas de traballo comunitario. No local da entidade en Ferrol funciona un banco de tempo no que se poden intercambiar servizos por servizos: poñamos por caso, un curso de informática a cambio dun curso de idiomas.

AXUDA NO FOGAR

Desde o municipio ourensán de Riós, ofrecen asistencia para persoas discapacitadas e para persoas maiores en centros non residenciais.

FADEMUR ANTOXOS

A Federación de Asociaciones de Mujeres Rurales, con sede en Madrid, impulsou desde 2011 a creación de cooperativas de servizos de comida caseira a domicilio, e unha destas experiencias púxose en marcha no concello ourensán de Carballeda de Avia. O proxecto comezou coa formación das futuras cooperativistas en cociña, catering e manipulación de alimentos, para favorecer así a súa incorporación e permanencia no mercado de traballo. Tras a fase de formación, catro mulleres puxeron en marcha a cooperativa Fademur Antoxos coa colaboración do Concello, que cedeu un local na antiga casa consistorial.

MILMAÑAS

<http://www.msccg-sad.com>

Esta cooperativa con sede no concello ourensán dos Blancos ofrece asistencia a persoas maiores e con discapacidade, servizo de canguro, labores domésticos, limpeza e servizo de perruquería e estética a domicilio.

OTEUCARON

Desde Nogueira de Ramuín (Ourense) esta cooperativa de traballo asociado ofrece atención a persoas maiores.

SOCIAL COOP

O proxecto Social COOP, desenvolvido en seis comunidades, entre elas Galicia a través da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA) pretende animar as cooperativas agrarias a estudar a viabilidade de converter a situación sociodemográfica da sociedade actual nunha oportunidade de negocio. A idea era estudar a viabilidade de implantar nas zonas rurais servizos para as persoas maiores, xerando emprego -especialmente feminino-, e diversificando as actividades das cooperativas agrarias.

Dentro deste proxecto realizouse unha diagnose territorial en Galicia e nas outras comunidades que amosa as necesidades e as zonas idóneas para implantar proxectos concretos viables. No caso galego os resultados do traballo amosan que unha iniciativa coma a analizada sería posible en 70 concellos rurais.

No caso catalán mesmo se iniciou a definición dos proxectos concretos de atención a maiores de dúas cooperativas, Camp d'Alcarràs i Secció de Crèdit SCCL (Alcarràs, Lleida), e Del Camp d'Ivars d'Urgell i Secció de Crèdit SCCL (Ivars d'Urgell, Lleida).

Así mesmo, as entidades participantes tiveron a oportunidade de coñecer polo miúdo un total de 32 proxectos que se desenvolven en distintos países europeos e de visitar seis iniciativas xa en marcha na Lombardía (Italia).



NOVAS COOPERATIVAS QUE BOTAN A ANDAR

ESMUVIGO

Vigo

www.esmuvigo.es

Xestionar, dirixir e impartir a docencia na Escola de Música Municipal de Vigo son as razóns polas que se creou a cooperativa de traballo asociado Esmuvigo, con cinco socias e nove socios. A Escola é propiedade do Concello de Vigo, e para xestionala o grupo promotor escolleu a fórmula coo-

perativa, logrando que case a totalidade do equipo docente se sumara a ela. A Escola cobre un amplo espazo educativo das ensinanzas municipais de música e artes escénicas a través de diferentes itinerarios formativos adaptados a varios grupos de idade.



O CABLE INGLÉS

Vigo

www.ocableingles.com

O Cable Inglés é unha cooperativa de traballo asociado que ofrece servizos integrais de organización e celebración de eventos culturais, artísticos e musicais en toda Galicia. Presenta como elemento diferencial a oferta dun gabinete de comunicación que vai servir para dar maior impulso a todos os eventos xestionados e aspira a que estes sexan sostibles e implicados co territorio e cos seus habitantes.

Tres socias con experiencia e contactos no sector cultural puxeron en marcha en 2012 esta cooperativa coa que buscan ofertar “traxes culturais a medida”, tal como indican na súa web, na que lembran que cada unha das socias fundadoras achega a súa experiencia “nos eidos do deseño, a xestión, a produción e a comunicación; e com-

plementamos esta bagaxe coas achegas dos nosos socios colaboradores para dar resposta a demandas máis concretas como a fotografía, o audiovisual, a ilustración, a animación, o son, a música, as artes escénicas, a pedagogía, a tradución, a interpretación, a gastronomía, a moda...”.

Entre os seus proxectos están Tira do Cable, “un proceso aberto que pretende xuntar as historias, anécdotas, experiencias, documentos, fotografías, filmacións ou calquera outra testemuña da presenza do Cable Inglés en Vigo e en Galicia” e As mulleres non son de porcelana, co que buscan “recuperar esa parte da nosa memoria industrial en clave de xénero, a través dos testemuños das propias traballadoras” da factoría de porcelanas Álvarez de Vigo.

COFFEE PARK

Ocio infantil

Lugo



As tres promotoras desta cooperativa de traballo asociado contaban con formación no ámbito da educación infantil e iso foi o que as animou a poñer en marcha o centro de ocio infantil Coffee Park na cidade de Lugo.

Botou a andar no segundo trimestre de 2013 e apostou por un modelo pouco difundido na cidade: non é un xardín de infancia ou unha escola infantil, senón un centro de lecer para que nenas e nenos poidan celebrar festas de cumpreanos, participar en obradoiros de manualidades ou simplemente para que as nais e pais poidan ter uns intreiros de descanso mentres as cativas e cativos xogan no parque.

“apostou por un modelo pouco difundido na cidade”

No seu haber teñen a satisfacción de crearen os seus propios postos de traballo.

TU AUTOESCUELA

Escola de condución

Lugo



Os tres promotores desta cooperativa de traballo asociado xa traballaban no sector por conta allea, pero atopáronse en situación de desemprego e tomaron a iniciativa de formar a súa propia empresa, un centro de formación de condutores, na cidade de Lugo.

“a toma de decisións da empresa é democrática”

A cooperativa comezou a súa andaina no segundo trimestre de 2013 e os tres socios aseguran estar moi contentos cos inicios, a pesar de que recoñecen as dificultades existentes para iniciar un negocio no contexto económico que estamos a vivir.

Entre as razóns que os moveron a optar por esta fórmula de autoemprego é que eles mesmos son os seus propios xefes, así como o feito de que a toma de decisións da empresa é democrática.



XEIRA CONSULTORA

Dinamización comarcal

Ordes

www.xeiraconsultora.com

Xeira Consultora é unha sociedade cooperativa de traballo asociado cuxa actividade principal é a consultoría e a asesoría nos campos medioambiental e forestal, así como nos eidos da intervención sociocomunitaria e dos servizos xurídicos.

Igualmente organiza actividades formativas, presta servizos de carácter social á comunidade e desenvolve actividades de promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero.

Puxérona en marcha tres mozas que, partindo dunha experiencia profesional previa en diferentes ámbitos -social, xurídico e medioambiental- uniron esforzos para acadar

un obxectivo: mellorar a súa calidade de vida e a das persoas da súa contorna.

Varios alcaldes da comarca acompañaron as emprendedoras na inauguración da cooperativa Xeira e do seu local en Ordes, o 27 de xuño. As socias explicaron que aspiran a asentarse nesta comarca como un referente de apoio ás administracións públicas para desenvolver proxectos no medio rural e elevar a calidade de vida nesta comunidade.

Na fórmula de cooperativa viron vantaxes coma a de poder deseñar e executar os seus propios proxectos, cumprir as súas aspiracións profesionais de forma conxunta e acadar un enriquecemento a nivel persoal e laboral coa posta en marcha do traballo grupal.

MARAGOTA

Animación infantil

San Sadurniño
maragota.org



Cinco socias e unha socia colaboradora uniron esforzos para que botara a andar Maragota, unha cooperativa de traballo asociado creada cunha ampla oferta no eido da animación infantil, da que valoran especialmente a oportunidade de crear o propio emprego.

Así, hoxe en día facilita a conciliación da vida laboral e familiar das persoas usuarias, prestando servizos destinados a nenas e nenos.

“facilita a conciliación da vida laboral e familiar das persoas usuarias”

Trátase de servizos como ludoteca, obradoiros, roteiros, festas ou parque infantil, cada un deles adaptado a un grupo de idade específico, de xeito que as actividades que se organizan sexan o máis atractivas posible e de interese para as rapazas e os rapaces que participen nelas.

PEMENTO DA ARNOIA

Pemento de calidade



A Arnoia

<http://cooperativapemento.blogspot.com.es>

A Cooperativa do Pemento de San Salvador de Arnoia iniciou a súa actividade no ano 1969 nesta parroquia do concello ourensán da Arnoia e cesou a comercialización de pementos en 2007, comezando o proceso para relanzala de novo no 2010. Na actualidade hai 90 persoas socias e ademais traballan nela dúas persoas a media xornada.

“avanzar na cadea de distribución xerando valor para o produto”

Comercializa exclusivamente pementos da Arnoia, con selo da Indicación Xeográfica Protexida Pemento da Arnoia, para o mercado español e para todo tipo de clientes, incluíndo venda directa ou a través de supermercados. Consolidar unha produción suficiente desta variedade de pemento e avanzar na cadea de distribución xerando valor para o produto son os obxectivos principais desta cooperativa agraria.



REDE APOIO

Dinamización comarcal

Verín

www.redeapoio.com

Rede Apoio Consultoría e Formación é unha cooperativa constituída por tres socios en Verín coa idea de centrarse no tecido empresarial da comarca tratando de achegarlles ás firmas locais un asesoramento moi personalizado, sobre todo en temas relacionados co departamento comercial. Contan con tres especialidades: Daniel Diéguez en marketing e desenvolvemento local, Xavier Martínez en aproveitamento das redes de promoción, e Daniel Blanco en calidade e responsabilidade social.

Os promotores constataron a existencia de certas necesidades de formación das empresas que aspiran a cubrir a través de Rede Apoio, dinamizando deste xeito a economía comarcal mentres crean os seus propios postos de traballo.

O seu proxecto empresarial mereceu o primeiro premio do Concurso StartUp do encontro XuventudeGalicia.net celebrado en Santiago en maio de 2012, que os socios recibiron de mans do presidente de Eganet, Víctor López. No certame valorábase que as iniciativas participantes propuxesen solucións prácticas contra a crise económica e financeira que estamos a vivir nos últimos anos, a través da creación dunha consultoría de baixo custo no medio rural.

Tal como sinala Daniel Diéguez, “non hai moita oferta de consultorías no rural e menos de consultorías de baixo custo, polo que tivemos moi boa aceptación do público, dos comercios e empresarios da zona, ofrecendo unha tarifa plana mensual sen compromiso de permanencia”.

INDE

Asesoramento a empresas



Lugo

<https://es-es.facebook.com/INDEprofesional>

Dúas socias e dous socios puxeron en funcionamento a cooperativa de traballo asociado Inde Profesional, con sede na cidade de Lugo, ofrecendo un servizo integral de creación de empresas ademais de asesoramento e xestións para conseguir licencias de obra e actividade, edificacións industriais, proxectos de instalacións e infografías.

“crear o propio emprego e a estabilidade laboral son dous dos motivos polos que apostaron por esta fórmula”

A asesoría fiscal, laboral e xurídica e para a obtención de patentes e marcas son outros dos ámbitos de traballo desta firma lucense que naceu ca fórmula de comunidade de bens e que se converteu en cooperativa para afrontar o incremento do número de persoas asociadas.

O feito de poder crear o propio emprego e a estabilidade laboral son dous dos motivos polos que apostaron por esta fórmula, xunto coa igualdade e a participación democrática á hora de tomar decisión que lle afectan á empresa.

NEVALA

Restaurante mexicano



Lugo

www.facebook.com/Nevala.S.Coop.Galega

Dúas mulleres e un home de orixe mexicano asociáronse para crear en Lugo a cooperativa de traballo asociado Nevala, a

“A especialización do restaurante en gastronomía de México é o seu elemento diferenciador”

fórmula escollida para xestionar o Restaurante La Capital Azteca, situado na mesma cidade. Trátase dun negocio de hostalería especializado en comida mexicana, sendo ésta a única oferta destas características presente na cidade de Lugo.

A idea de formar unha cooperativa xurdiu logo de que as dúas socias e o socio que a fundaron acudiran a unha acción formativa da rede EuSumo, tras o cal decidiron crear o seu propio posto de traballo, pois estimaron que con esta fórmula serían quen de acadar a estabilidade laboral.

A especialización do restaurante en gastronomía de México é o seu elemento diferenciador, e o que o converte no punto de encontro para todas aquelas persoas amantes dos pratos do país azteca.



2be Digital
e-comerciales

2BEDIGITAL

E-Comercio

Santiago

www.2bedigital.com

Constituída como sociedade limitada laboral en outubro de 2012, a firma 2bedigital comercializa plataformas de comercio electrónico con especial énfase para o sector da alimentación e pensando tamén en facilitar a exportación de produtos.

As plataformas e webs que deseñan adaptanse automaticamente a calquera pantalla: computadores de sobremesa, tabletas ou teléfonos móbiles, explica un dos fundadores da firma, Pablo Borrás, o que facilita a súa consulta e uso en calquera lugar. Máis alá da instalación da plataforma 2bedigital apoia a comercialización de produtos a tra-

vés de técnicas de posicionamento das webs en buscadores, marketing a través de correo electrónico e coa promoción a través da súa rede de contactos en empresas estranxeiras.

Puxeron en marcha a firma tres persoas e actualmente son seis que traballan desde distintos puntos de España e que contan co apoio de profesionais freelance para traballos especializados, sacando o máximo partido das novas tecnoloxías para o teletraballo, e implantándoas igualmente nas empresas que compoñen a súa carteira de clientes. A súa gran diversidade de perfís é unha das súas vantaxes competitivas.

TAMÉN BOTAN A ANDAR

ARMERIA

Ferrol. Servizos interculturais e sociais

AVOAESCOLA

Ferrol. Escola infantil en galego

CENTRO DE DÍA DE VILLALBA

Vilalba. Servizos sociais

INOXVAL

Val do Dubra. Transformación de aceiro e ferro

LAGOUME

Ourense. Servizos de limpeza

MILMAÑAS

Os Blancos/Xinzo. Servizos sociais

ORBALLO

Paderne. Sector forestal

OURENSANA DE SERVICIOS INTEGRALES

Ourense. Limpeza

PERCEBEIROS DA GUARDA

A Guarda. Marisqueo

PROMAGAL

Moeche. Sector forestal

SEVEN INSTALACIONES

Teo. Instalacións eléctricas

XANELA

Amoeiro. Formación e actividades culturais

PROXECTO VIÑAS ATLÁNTICAS



Reducir o uso de fertilizantes químicos e de produtos fitosanitarios que se empregan para combater as enfermidades que ameazan as viñas galegas e desenvolver un sistema de xestión medioambiental sostible e produtivo para as bodegas son algúns dos obxectivos de LIFE+ Viñas Atlánticas.

Este proxecto de investigación que botou a andar no ano 2010 conta co apoio do Programa LIFE da Unión Europea, que achega unha parte moi importante do investimento necesario, en tanto o resto é asumido pola Deputación de Pontevedra e as bodegas Martín Codax, Paco & Lola e Condes de Albarei, as tres xestionadas por sociedades cooperativas galegas.

No marco do proxecto despregouse un Sistema Integrado de Control para a Optimización Medioambiental baseado nunha rede de estacións e sensores meteorolóxicos,

que lle permite ó persoal técnico dispoñer de datos de primeira man para poder predicir a aparición de enfermidades que atacan as viñas, coma o mildio ou o oídio. Saber cando é maior o risco de aparición destas pragas permite decidir o momento no que se deben aplicar os tratamentos axeitados, sen necesidade de empregalos en exceso a modo de prevención.

Na web www.vinasatlanticas.depo.es poden consultarse xa os boletíns fitosanitarios da comarca do Salnés, que é onde se está a desenvolver polo de agora a fase experimental do proxecto. A experiencia obtida no proxecto permitiralles ás persoas e entidades participantes adaptarse mellor á normativa europea que obriga a reducir o uso de produtos fitosanitarios para finais do 2015, co obxecto de conseguir produtos máis saudables.

INNOVACIÓN NAS COOPERATIVAS DE ENSINO

As cooperativas de ensino de traballo asociado son unha fórmula empresarial moi axeitada para os proxectos educativos que aspiran a innovar, xa que habitualmente están formadas por equipos estables que poden pensar en iniciativas a longo prazo. Os seus plans son froito do compromiso e o traballo en común e promoven valores como a autonomía, a cooperación ou a iniciativa, así como melloras da calidade educativa. Ademais é frecuente a colaboración entre cooperativas.

Co título 'As cooperativas innovan', a Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia informa na súa web www.ucetag.org de proxectos recentes de entidades desta e doutras comunidades. Comezamos por Andaina (www.andaina.com), que involucrou alumnado e profesorado nun proxecto sobre comercio e publicidade, por considerar que permite atender ben a diversidade na aula. A iniciativa incluíu a creación dunha tenda e de anuncios publicitarios para aprender a debater ou traballar en equipos con alumnado de diferentes idades.


O colexio **Guillelme Brown** (www.guillmebrown.es) do Pereiro de Aguiar (Ourense) traballa coas tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) como vehículo de aprendizaxe, para o que se estableceron aulas multi-espazo, con zonas de computadores e zonas de traballo en grupos. Coas TIC, o alumnado busca información, realiza cálculos e elabora presentacións ou vídeos para debater na



WEB DO COLEXIO ANDAINA

aula. Un Campus Virtual permite a comunicación coas familias.

Mentres, o **Conservatorio Histórico de Santiago** (www.conservatoriodesantiago.org).



WEB DO COLEXIO PETIT MÓN

com) desenvolve espectáculos de teatro, música e xogos cos valores cooperativos, nos que xa participaron máis de 2.000 alumnas e alumnos.

O **Colegio Urkide Ikastetxea** de Vitoria-Gasteiz creou unha ferramenta a través do seu Centro de Innovación (www.ciurkide.org) para detectar e solucionar situacións de agresión escolar, baseada nun cuestionario que detecta os casos de bullying en Primaria e Secundaria.

Grupo Sorolla (<http://gruposorolla.blogspot.com.es>), de Valencia, despregou o Método MORE (Múltiples Opcións para acadar Resultados en Educación), que achega estratexias para 'aprender a aprender'. A cooperación entre iguais, a importancia dos valores, o pensamento e a linguaxe positiva son claves neste proxecto, que trata de respectar os estilos de aprendizaxe de cada persoa, seguindo un método de éxito internacional.

Petit Món (www.petitmon.cat) puxo en marcha na escola Felisa Bastida de Castelldefels, Barcelona, o Proxecto Ambientes para desenvolver a creatividade, a cooperación entre alumnado de diferentes idades e a capacidade de xestionar emocións con distintas actividades como

experimentación coas leis básicas da física; construción; pintura e traballo co volume; xogo e rol social; letras e números.

O **Colexio Antonio Gala** (www.galacolegio.com) de Dos Hermanas (Sevilla) promove cooperativas escolares en Primaria, e en Secundaria crean cooperativas de servizos creativo-culturais. Así, o alumnado forma parte de 12 cooperativas escolares con máis de 400 socios e socias, que aprenden a tomar decisións, mesmo traballando con colexios, empresas, administracións ou asociacións. Tamén promoven cooperativas de segundo grao como Escuela Viva, que organiza actividades lúdicas e creativas para o alumnado.

Finalmente, a **UCETAG**, con sede en Vigo, axuda á innovación elaborando materiais de apoio para traballar o cooperativismo na aula, e un exemplo é 'Buses, papaventos e outras historias cooperativas', un cómic dirixido a rapazas e rapaces de terceiro ciclo de primaria. Para infantil e primeiro ciclo de primaria dispón do proxecto Coopera, que a través de láminas presenta situacións que poden resolverse de forma cooperativa.

Con estas iniciativas aspirase a dar a coñecer as opcións que ofrece o cooperativismo.

UNICLA ANTIOX, INNOVACIÓN NO LEITE

O selenio é un micronutriente para os seres vivos que se encontra de xeito natural en alimentos coma o pan, os ovos, o peixe ou a carne e que conta con propiedades positivas para a saúde. Foron estas as que levaron a cooperativa Feiraco a lanzar este ano Unicla Antiox, que é o “único” leite que “achega, nun so vaso, o 18% das necesidades diarias de selenio, un oligoelemento esencial coñecido polo seu poder antioxidante con múltiples beneficios para a saúde coma a prevención do envellecemento, a mellora do funcionamento do sistema inmune, a protección do sistema cardiovascular ou a mellora da fertilidade masculina”, informou nunha nota.

Unicla Antiox é o primeiro leite en Europa que a través dunha coidada alimentación do gando achega maiores cantidades de selenio que as habituais, en concreto e segundo Feiraco “41,2 microgramos de selenio por litro fronte ós 15 doutras marcas”.

A cooperativa, indica o comunicado, “logra introducir este nutriente esencial na súa cadea de produción coidando, en orixe, a alimentación e o benestar das súas reses. A través de forraxe enriquecida cunha forma moi concreta de selenio, a cooperativa suplementa a alimentación do seu gando, logrando que sexan as súas vacas as que coiden de todos os consumidores que confían nos produtos Feiraco”.

Este proxecto innovador partiu do feito de que a terra galega, moi aceda, é rica en betacaroteno, pero pobre en selenio e que o déficit deste mineral na dieta animal propicia infeccións e maior risco de mortandade nas vacas.

A aposta de Feiraco pola investigación, o desenvolvemento e a innovación implicou a análise das terras, a escollo dos fertilizantes máis axeitados, os mellores pensos para as vacas e a súa vixilancia sanitaria para obter un leite máis rico en selenio.


O novo produto súmase á gama Unicla de Feiraco, que conta xa con Unicla Semi-desnatado e Unicla Sen Lactosa, “unha familia de alimentos, recoñecida xa no 2009 pola UE co Primeiro Premio Europeo á Innovación Cooperativa, que aúna saúde e innovación nun proxecto de amplo percorrido.

UNHA HISTORIA DE 45 ANOS

Feiraco, Sociedade Cooperativa Galega, foi fundada en 1968 “como expresión da vontade dun grupo de gandeiros do interior de Galicia de cooperar para acadar un futuro mellor”, lembra a firma na súa web www.feiraco.es. A cooperativa “naceu con 400 gandeiros” e nos seus 45 anos de historia “máis de 10.000 explotacións agrarias familiares e cooperativas de produtores constituíron a súa masa social”.



ESCAPARATE



- 1 GRELOS, MIRABELES E PRODUCTOS DA HORTA DA COOPERATIVA HORTOFLOR 2
- 2 CESTA DE PRODUTOS ECOLÓXICOS DA COOPERATIVA HORTOFLOR 2
- 3 MEL ECOLÓXICO DA COOPERATIVA FLOR DO XALLAS
- 4 LICORES DA COOPERATIVA CONDADO PARADANTA
- 5 COELLO DA COOPERATIVA COGAL
- 6 EMBUTIDOS DE GALO DE CURRAL DE VILA DE CRUCES, DA COOPERATIVA VICOGALO

COOPERATIVO

7.



8.



9.



10.



11.



12.



- 7 QUEIXO DE LEITE CRU DE VACA DA COOPERATIVA CAMPO CAPELA
- 8 GALLITAS MARINEIRAS DA SOCIEDADE LABORAL DAVEIGA
- 9 MEL, NOCES CON MEL E PROPÓLEOS DA COOPERATIVA CONDADO PARADANTA
- 10 OVOS, PAN E QUEIXO ECOLÓXICO DA COOPERATIVA AVEGA
- 11 INFUSIÓN DE ROOIBOS CON ALGAS MARIÑAS E FLOR DE AZAR CO SELO DO CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA
- 12 PRODUTOS DE GALO DE CURRAL DE VILA DE CRUCES, DA COOPERATIVA VICOGALO



A TERRAZA DE MARTÍN CÓDAX PRESENTA

OS XOVES DE CÓDAX

XULLO

04 SÉS & TITO CALVIÑO
11 MERCEDES PEÓN
18 TETE DELGADO
& MARTÍN ESTURAO

AGOSTO

01 DI ELAS
08 PRIMORDIAIS
15 DIEGO PACHECO & HUGO CHAMIZO
22 SUMRÁ
29 UXÍA & JOAO AFONSO

**CADA XOVES ÁS
20:30 HRS**

SOLICITA A TÚA INVITACIÓN POR TELÉFONO 986 526 040

Por e-mail a comercial@martincodax.com
(indicando nome, apelidos e D.N.I.)
Ou via Facebook: Bodegas Martin Códax
Só para maiores de idade. Aforo limitado.

comercial@martincodax.com
Telf.: 986 526 040
Fax: 986 526 901

Bodegas Martin Códax
Burgás 91 - 36633 Vilarinho
Cambados - Pontevedra

WWW.MARTINCODAX.COM

COOPERATIVAS, MODELO PARA O SECTOR CULTURAL

As cooperativas agrarias son probablemente as máis famosas, en parte pola súa antigüidade, pero o modelo cooperativo é susceptible de adaptarse a calquera sector e boa proba diso son as experiencias que funcionan no sector cultural tanto en Galicia como fóra dela, onde favorecen a combinación do traballo de persoas con experiencia e formación complementarias, permitindo presentar ofertas atractivas e competitivas.

Coperactiva Cultural – Culturactiva (www.culturactiva.org) conta con máis dunha década de vida, e “é na actualidade a distribuidora líder en Galicia de teatro cómico e de rúa”, sinalan na súa web, pois “máis dun cuarto de milleiro de actuacións moveu en 2009 e en 2010 xa superou esa cifra”. Aseguran que “tanto no ámbito galego, coma no estatal ou a nivel mundial ten proxección e presenza esta entidade”, que comezou como “primeira compañía estable de clown en Galicia” e que se converteu “en lanzadeira de ideas, proxectos, programacións e festivais co humor e a risa como nexo de unión”. Entre os seus proxectos estrela, o Festiclown, Terractiva, Magiclown ou Pallasos en Rebeldía.

E hai espazo para crear novas cooperativas. É o caso de O Cable Inglés (www.ocableingles.com), con sede en Vigo e que recibiu

un dos Premios á Cooperación 2013: “o que facemos son traxes culturais a medida”, revelan na súa web, e “cada unha das socias fundadoras aporta a súa experiencia nos eidos do deseño, a xestión, a produción e a comunicación; e complementamos esta bagaxe coas achegas dos nosos socios colaboradores para dar resposta a demandas máis concretas como a fotografía, o audiovisual, a ilustración, a animación, o son, a música, as artes escénicas, a pedagogía, a tradución, a interpretación, a gastronomía, a moda...”. Este verán organizaron Os Xoves de Códax, concertos promovidos pola tamén cooperativa Martín Códax, que pode así promocionar os seus viños nun ámbito moi propicio coma o cultural.

De fóra de Galicia traemos o exemplo de Músicos Unidos. En Madrid un grupo de artistas creou en marzo de 2008 esta cooperativa de traballo asociado, con socias e socios -actualmente 700 cooperativistas- que facturan e cotizan na Seguridade Social polo Réxime Xeral (Artistas) a través da cooperativa. Así, din en www.grupomus21.com/musicos-unidos, a cooperativa encárgase das tarefas administrativas e de xestión, o cal favorece que estean de alta na Seguridade Social nas actuacións, sen ter que pagar autónomos todo o mes.



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

COOPERATIVAS QUE NACEN DE COOPERATIVAS

As cooperativas xa consolidadas e de mediano ou gran tamaño poden dar orixe en ocasións a novas oportunidades de emprego e mesmo á creación de novas cooperativas que poidan ofrecerlles produtos e servizos que deben contratar a outras firmas. No primeiro dos casos podemos encontrar exemplos coma a da bodega cooperativa Martín Códax, que este ano creou unha bolsa de emprego para familiares de cooperativistas. Estas persoas poderían así cultivar aquelas plantacións de viñado nas que se necesitase reforzo en tarefas coma poda ou fertilización e xestión do solo, sen necesidade de contar con material ou maquinaria, que achega a cooperativa, da que viven directa ou indirectamente unhas 600 familias arousás.

A outra posibilidade sería crear cooperativas para dar resposta ás necesidades detectadas nas grandes, que non cobren por si mesmas. Algúns exemplos poderían ser a xestión de equipamentos e redes informáticas, o desenvolvemento de software, a realización de actividades de investigación e desenvolvemento, servizos de restaurante ou catering, de educación ou ocio infantil, ou mesmo de servizos sociais.

Un exemplo recente en Galicia constitúeo UCOGA Correduría de Seguros (www.ucoga.es), firma que foi posta en marcha en xaneiro de 2013 “para dar un servizo profesional de alta calidade a todo o medio rural con prezos moi competitivos” e que está vinculada ó cooperativismo “polo gran peso que este ten na produción agroalimentaria, área na que está altamente especializada”.

Por iso “ofrece os seus servizos directamente no medio rural” e en “todo o territorio galego, mediante unha rede de oficinas instaladas nas cooperativas participantes”.

Ofrece seguros agrarios, para empresas e particulares: a oferta de pólizas inclúe seguros adaptados para profesionais do rural, de vida, automóbil, fogar, etc, “sexa cal sexa o perfil do contratante, aínda que non desenvolva actividade no rural”.

En definitiva, “seguros destinados a calquera persoa”, e mesmo con formatos innovadores, coma “a primeira póliza de Responsabilidade Civil específica para protexer os Consellos Reitores”, pois “se da actuación dun dos membros do consello reitor dunha cooperativa, por acción, negligencia ou omisión, chegase a producirse un dano a un terceiro, as consecuencias dunha sentenza desfavorable deberían ser asumidas polo consello reitor ó completo, repercutindo na reputación e nos tanxibles da propia cooperativa.

Normalmente os consellos reitores asumen as responsabilidades dos seus cargos sen ánimo de lucro, polo que UCOGA considera de vital importancia garantir a súa protección ante calquera feito, accidental e imprevisto, que poida desencadear consecuencias civís”.

Iniciativas similares a esta están funcionando, con éxito, noutras comunidades autónomas como Castela A Mancha, Murcia, Navarra ou Valencia.

PREMIOS Á COOPERACIÓN 2013

Os Premios á Cooperación son entregados anualmente polo Consello Galego de Cooperativas, que recoñece o traballo destas empresas e a súa capacidade de innovación e de promoción dos valores da economía social.



VAL DE LOURENZA

Aposta pola comercialización dun produto propio de Galicia, a faba de Lourenzán, que se cultiva na comarca da Mariña central lucense. Gañou o concurso de iniciativas cooperativas, compartido co Proxecto Coop.

PROXECTO COOP.

É o punto de partida para a creación en terras ourensás dunha firma que oferte servizos básicos para aquelas persoas que por diversas circunstancias non poidan valerse por si mesmas. Gañou o concurso de iniciativas cooperativas, compartido con Val de Lourenzán.

O CABLE INGLÉS

Ten a sede en Vigo, desde onde traballa no eido da xestión cultural baseada na sostibilidade e a vinculación co territorio. Propón solucións á medida para desenvolver actividades culturais únicas. Gañou o premio ós valores cooperativos.



LUSCOFUSCO

Con sede en Teo (A Coruña), quere contribuír no desenvolvemento de nenos e nenas a través do xogo no tempo de lecer a cargo de persoas educadoras especializadas. Compartiu o premio para o mellor proxecto cooperativo con Xanela.

XANELA

A firma de Amoeiro (Ourense) oferta formación de calidade adaptada ás necesidades de alumnos e alumnas, e prácticas para o envellecemento saudable, axudando a previr e atrasar situacións de dependencia. Premio para o mellor proxecto cooperativo, xunto con Luscofusco.

MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA

Forma parte da Rede Eusumo desde hai un ano e promove a economía social no ámbito de oito concellos rurais da comarca, apostando sobre todo polos sectores emerxentes. Gañou o galardón á promoción do cooperativismo.



Vivimos tempos de incerteza mundial. Múltiples crises e desastres naturais poñen a proba ata as economías e comunidades máis robustas. O Día Internacional das Cooperativas constitúe unha oportunidade anual para recalcar que as cooperativas poden contribuír a aumentar a capacidade de resistencia en todas as rexións e todos os sectores económicos.

No transcurso das actuais crises económicas e financeiras mundiais, as cooperativas financeiras demostraron a súa fortaleza e capacidade de resistencia, en beneficio dos seus membros, empregados e clientes. Mantiveron altas cualificacións crediticias, aumentaron os seus activos e o seu volume de negocios e ampliaron a súa base de membros e de clientes.

Tras producirse desastres como terremotos, tsunamis e inundacións, as cooperativas evidenciaron a súa capacidade para mobilizar a solidariedade necesaria para a reconstrución. As cooperativas agrícolas melloran a produtividade dos agricultores ó facilitaren o acceso ós mercados, o crédito, os seguros e a tecnoloxía. As cooperativas sociais poden achegar un amparo crucial en contextos nos que a asistencia pública vai en declive ou é mínima. Tamén demostraron ter un potencial considerable para empoderar os mozos e aliviar a crise mundial do emprego xuvenil, que é cada vez máis grave.

Neste Día Internacional das Cooperativas, fago un chamamento ós gobernos para que promovan políticas que apoien e fomenten as cooperativas, para que poidan contribuír activamente ó desenvolvemento inclusivo e sostible.

Mensaxe do secretario xeral da Organización das Nacións Unidas, Ban Ki-moon, con ocasión do Día Internacional das Cooperativas, 6 de xullo de 2013.



COWORKING CULTURAL

Poñer en marcha un novo proxecto empresarial é sempre complexo, polo que contar cunha oficina barata para comezar desde 50 euros por mes na que ademais se poida contar con asesoramento parece dunha boa idea. Esa é a oferta de Emprende Cultura Gaiás, un espazo de coworking que, en plena Cidade da Cultura en Santiago ten dispoñibles espazos de traballo para profesionais das industrias culturais.

Ademais, o feito de que se xunten no mesmo lugar persoas de distintos eidos da cultura pode contribuír a xerar sinerxías entre os seus proxectos e a apoiar a súa creatividade e por tanto axudar a que medren conxuntamente.

O asesoramento de persoas expertas no sector cultural, o “aproveitamento das oportunidades dunha rede de contactos no sector” e o beneficio adicional dun programa especial de formación e de presentación das ideas a empresas son outras das vantaxes, sinalan desde a Cidade da Cultura.

Situado no Centro de Emprendemento Cultural e Creativo de Galicia, o espazo de coworking ofrece, ademais dos ser-

vizos básicos -mesa de traballo, cadeira, estante, conexión a internet de alta capacidade, conexión telefónica, caixa de correo, taquilla, subministro eléctrico, auga e calefacción- a posibilidade de dispoñer dunha sala de reunións de grupos equipada con WiFi e proxector e mesmo dunha dunha sala-despacho.

A estas prazas, para un período inicial de seis meses e prorrogables ata tres anos, poden optar profesionais das industrias culturais que traballen en deseño, ilustración, comunicación, escritura, guións, edición, representación e promoción artística, produción, xestión cultural, programación de aplicacións informáticas, desenvolvemento de proxectos culturais na rede e calquera outro que teña vinculación co emprendemento no mundo da cultura.

De acordo co centro, “poderán admitirse profesionais independentes ou emprendedores que se atopen en proceso de constitución de autónomos. A listaxe de todos os servizos está en www.cidadedacultura.org/gl/info/coworking-emprendecultura-gaias. Na actualidade xa hai 16 firmas establecidas neste espazo.



GUÍA DE OPORTUNIDADES

A sede da Fundación Feiraco en Agrón (Ames) acolle desde mediados do 2012 un centro de desenvolvemento cooperativo da Rede Eusumo que promove a economía social na súa área de influencia. Como apoio desta tarefa elaborouse unha 'Guía de dinamización' que serve para presentar de xeito resumido as claves máis importantes da realidade socioeconómica dun bo número de concellos, os recursos humanos e materiais existentes no territorio e as oportunidades que ofrece para o emprendemento cooperativo.


Este último apartado achega unha serie de ideas agrupadas en fichas relativas ás distintas áreas de actividade. Foron elaboradas coa colaboración de axentes de dinamización e persoas expertas en cooperativismo.

Sen ser unha recompilación exhaustiva, busca estimular a creatividade e a xeración de ideas por parte das persoas emprendedoras, e amosa posibles oportunidades nos eidos do turismo, agrogandeiro e forestal, servizos para empresas e explotacións, servizos a persoas, mar e outros servizos e actividades.

Na guía tamén se definen catro posibles itinerarios para dinamizar o emprendemento cooperativo, dirixidos a persoas desempregadas, estudantes de Formación Profesional ou de cursos de formación ocupacional, persoas emprendedoras e estudantes de ensino obrigatorio.

AS NORMAS CLARAS

Guía para elaborar o regulamento interno da cooperativa



AS NORMAS CLARAS

A cooperativa Cidadania acaba de publicar o libro 'As normas claras. Guía para elaborar o regulamento interno da cooperativa'. O volume, de 82 páxinas, xorde como apoio para aquelas cooperativas e entidades da economía social que, unha vez creadas, necesitan fortalecer a súa organización e deciden elaborar ou modificar o seu Regulamento de Réxime Interno.

Trátase, pois, dun manual de consulta sobre un ámbito do cooperativismo do que non hai moito escrito, o da organización societaria e produtiva das cooperativas, ámbito no que Cidadania ten unha longa experiencia, xa que leva desde o ano 2000 prestando servizos de acompañamento, asesoramento e formación a diversas cooperativas galegas, sobre todo de traballo asociado.

A autora, Ana Lorenzo Vila, lembra que “o máis importante do regulamento é aplicalo”. De feito, indica, é mellor “facen un regulamento pequeno que se aplique que un regulamento moi completo que finalmente quede nun caixón ou só se aplique parcialmente”. Segundo podemos ler na guía, cada cooperativa debe dedicar un tempo a deseñar o seu propio modelo de organización, fuxindo de modelos que se van consolidando de forma “espontánea ou informal” e que, precisamente por iso, adoitan favorecer a aparición de problemas como sobrecarga de traballo ou falta de implicación de socias e socios. A guía está dispoñible para todas as persoas interesadas na web www.cidadania.coop.

INFANTIL

Descubra nesta sopa de letras 10 valores cooperativos

M	C	C	V	E	Q	T	X	P	N	F	Y	Z	O	X	Y	T	S	V	Z
P	E	D	A	D	E	I	R	A	D	I	L	O	S	P	D	C	A	N	P
I	F	Z	A	E	A	K	C	W	K	O	Q	A	R	H	V	F	D	R	H
S	G	Q	B	K	K	B	B	H	X	C	Z	C	L	D	A	I	U	Z	N
W	K	U	G	D	K	F	E	Z	R	D	H	O	N	G	L	M	X	U	M
A	L	Q	A	C	O	F	B	Y	I	O	E	F	K	N	G	W	A	C	E
I	N	G	F	L	E	D	A	D	I	T	S	E	N	O	H	C	W	O	D
C	E	W	N	S	D	I	G	X	T	H	H	K	F	S	W	D	D	M	A
A	U	Z	J	V	M	A	G	C	G	T	H	S	X	C	B	E	U	P	D
R	J	Q	X	M	B	N	D	E	P	X	F	T	H	Y	W	M	L	R	I
C	Y	V	A	K	R	T	A	E	R	A	E	S	F	O	R	Z	O	O	U
O	H	J	T	D	M	G	A	U	X	W	S	R	B	X	Y	L	T	M	Q
M	N	A	I	C	N	E	R	A	P	S	N	A	R	T	O	O	I	I	E
E	D	W	M	B	L	T	F	H	R	G	B	C	E	E	J	S	R	S	V
D	F	P	U	L	A	N	Z	R	Z	I	X	R	V	I	Y	G	A	O	V
P	D	S	M	U	T	U	A	L	I	D	A	D	E	L	Q	V	W	Q	K
D	E	O	B	N	D	B	D	Z	P	D	P	N	F	M	R	K	P	J	W
G	J	O	G	N	M	Y	S	G	V	L	S	G	H	H	Z	B	C	O	J
E	S	R	W	G	S	J	D	Q	R	D	S	W	B	S	U	O	Q	F	D
Y	B	W	X	G	E	F	X	Y	C	I	N	C	S	B	S	Q	F	N	O



OS TRES PORQUÍÑOS, COOPERATIVISTAS

Nos corazón dos bos que vivían tres porquiños irmáns que un lobo perseguía sempre que os atopaba para comelos. Cansos de andar fuxindo o cotío, os quinos fixeron cadansúa casa, para refuxiarse do lobo en canto o viran aparecer.

O máis novotino de palla para acabalo antes de ir xogar a balón. O mediano de madeira e acabou na ásprea para ir xogar un partido de fútbol co pequeno. O maior, escolleu pranchas de metal porque lle pareceu que resistirían máis, e rematouna tamén moi rápida para sumarse á festa deportiva.

Nestas, apareceu o lobo e botouse atrás dos currichos, pero eles andaron lixeiros e cada un entrou na súa casa a todo correr. O lobo chegou onde a casa de palla se comeu e viu que era moi feble e soprou e soprou ata que tirou con ela, así que o porquiño tivo que fuxir para a casa de seu irmán mediano. Como esta tamén estaba acabada a súa casa de madeira non se caeu, o lobo soprou e soprou outra volta e a casa caeu.

Os dous cochiños escaparon para a casa do irmán maior, e alí os tres pensaban estar a salvo. Pero, saíron dun souto e metéronse no outro: aínda que era máis resistente, o lobo foi buscar uns ventiladores e entre os que el sopra e os ventiladores tamén se a casa soupa e caeu. Os tres porquiños marcharon de alía fume de carozo e foron onde a súa nai a pedirlle consello, porque non tiñan cartos abondo para mercar, casas boas.

Mamá Gocha díxolles que podían facer casas boas e baratas se facían unha cooperativa na que se axudasen uns a outros para construílas en condicións. Meu dito, meu feito: os quinos fixéronse cooperativistas e con poucos cartos ergueron novas casas que o lobo non foi quen de botar abaixo.

Mentres, o lobo tivo que emigrar e facerse sociodunha cooperativa con outras lobas e lobos para cultivar tomates e pementos e non teren que andar, perseguindo currichos. E disque lles foi moi ben, pero... ese é outro conto.

CONSELLOS

O MARKETING NAS COOPERATIVAS

Mercadotecnia -ou marketing se tomamos a palabra en inglés- é o “conxunto de accións ou técnicas de estudo de mercado encamiñadas fundamentalmente a incrementar a demanda comercial”, de acordo co Dicionario de www.realacademiagalega.org.

Trátase dunha ferramenta importante para as empresas actuais -incluíndo as cooperativas- e por iso quixemos pedirllas a varias persoas con experiencia no sector a súa opinión sobre como pode axudar a cumprir as finalidades das firmas da economía social. Fixémoslles dúas preguntas a estas persoas:

1 NESTE CONTEXTO ECONÓMICO, ¿CALES SON AS CLAVES PARA VENDER?

2 ¿QUE DEBEN CAMBIAR AS COOPERATIVAS PARA FORTALECERSE NESTE ÁMBITO?



1 - É fundamental facer unha análise da competencia, para así poder ofrecer servizos ou produtos diferenciados que ofrezan ventaxas para o público obxectivo. É algo que se debe facer en calquera contexto, pero máis en situacións coma a actual: estudos de mercado que analicen a viabilidade de novos negocios, análise da competencia, novos nichos de mercado...

2- Dentro do mundo do cooperativismo xa se está cambiando a este respecto, pero aínda hai un longo percorrido. Desde as firmas que nos dedicamos a estudos de mercado facemos un labor de concienciación para que as empresas en xeral vexan a necesidade destes estudos previos a calquera estratexia de marketing, que moitas veces require grandes investimentos. Afiñar o máximo posible en calquera destas liñas de acción fai que os investimentos sexan máis rendibles e efectivos, e evita incorrer en erros que confunden a xente.

1 - O principal a día de hoxe é a sinceridade, moitas veces esqueceuse iso na mercadotecnia, salientando as virtudes e ocultando os puntos débiles. Pero hai un cambio de cultura de consumo, as persoas buscan aquilo que lles dá confianza. Busca obxectividade, certificación, saber facer, bo trato, e recibir esa sinceridade.

2 - Os produtores tenden a colocar nas directivas das cooperativas os propios socios, que son moi bos profesionais no seu sector pero que se cadra contan con menos experiencia en certas funcións coma o marketing. Ás veces esas tarefas son asumidas por alguén da cooperativa, e ás veces externalízanse a xente que descoñece como son realmente os produtos. Pero debería facerse coma no caso da contabilidade e dos temas xurídicos, que se lles encargan a profesionais. Na miña opinión falta profesionalización no ámbito da mercadotecnia.



1 - As cooperativas non deberían de pechar-se a mercados de ámbito local. Resulta moi interesante o aproveitamento do mercado das chamadas “longas colas” de Chris Anderson, isto é, vender un gran número de produtos especializados a pequenos nichos no mercado internacional.

2 - As cooperativas teñen no seu favor unha imaxe diferenciada como modelo de negocio máis sostible e respectuoso coas demandas sociais e medioambientais. A comunicación e promoción dunha identidade no ámbito da responsabilidade social corporativa parece una forma natural para lograr vantaxes competitivas nestas organizacións.



1 - A especialización, ter bos produtos e de calidade, potenciar a economía e o comercio de proximidade, que a xente o sinta moi preto.

2 - Nós somos unha cooperativa de servizos e os recursos que podemos empregar traballando conxuntamente son maiores que se traballamos individualmente. O investimento en marketing e en promoción é fundamental, igual que o investimento en investigación e desenvolvemento, para poder contar con produtos innovadores.



1 - Sen lugar a dúbidas, no ámbito da alimentación humana, o prezo é determinante para os produtos dirixidos ó gran consumo. Pero, se nos diriximos a segmentos de mercado de cara a clientes máis selectos, outros factores pasan a ter tanta ou máis importancia que o propio prezo do produto, como poden ser os efectos beneficiosos sobre a saúde, a comodidade (rapidez, facilidade, accesibilidade...) no intre de realizar o consumo do produto, ou mesmo o pracer (contorno, ambiente...) que xera o propio acto de consumo.

2 - En relación cos alimentos de gran consumo, as cooperativas deben acadar a suficiente dimensión empresarial e de implantación no mercado. Nos alimentos de gran consumo só sobrevivirán as grandes corporacións que operen en múltiples mercados cun amplo catálogo de produtos. Neste ámbito, as cooperativas debemos facer un gran esforzo de integración e unión para acadar a dimensión que requiren os mercados. En segmentos de mercado máis específicos, pero, para todas elas, as cooperativas deben investir moito máis en innovación, en deseño de produto e dos envases, en redes comerciais...

De esquerda a dereita e de arriba a abaixo:

Rebeca Villaverde

Responsable da consultora
www.anovamulticonsulting.es

Maximino Vázquez

Comercial de www.egali.es

Ana Dopico

Profesora de Marketing da Universidade de Vigo

Marta Rey

Xerente do Mercado de Abastos de Santiago
www.mercadodeabastosdesantiago.com

Hixinio Mougán

Director xerente de AGACA
www.agaca.coop

INFORME EUSUMO

A REDE SUMA

Cento cinco empregos creados a través de vinte e sete cooperativas e sociedades laborais novas son seguramente dous dos datos máis salientables do primeiro bienio de vida da Rede Eusumo. Esta Rede é unha iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar, dirixida a dar apoio á creación de emprego baixo fórmulas de economía social.

Comezou a súa actividade a finais de xuño de 2011 con catro centros e durante os seus case dous anos de andaina medrou o número de entidades e axentes implicados nela. Deste xeito, conta a día de hoxe con seis centros situados en Narón, Ames, Lugo, Vigo, Ourense e Verín.

Ademais, forman parte da Rede Eusumo dezaseis Oficinas de Fomento Cooperativo impulsadas por agrupacións de concellos e distribuídas pola xeografía galega. Xunto con elas, oito asociacións de cooperativas e sociedades laborais xogan tamén un papel importante na dinamización de programas e actividades na Rede. E vinte e sete novas entidades, desde universidades a concellos, sumáronse este ano á Rede.

As diferentes entidades desenvolven tarefas de dinamización, asesoramento e formación para explicar as posibilidades de emprender dentro do cooperativismo e a economía social e para apoiar as persoas que decidan facelo. Así mesmo, a través da Rede Eusumo tamén se desenvolven programas e liñas de información e asesoramento dirixidas ás cooperativas e sociedades laborais xa existentes.

Tipoloxías de cooperativas



En total, nestes dous anos participaron en actividades deseñadas para a súa idade máis de 2.000 escolares en iniciativas de divulgación nos centros de ensino e en visitas a cooperativas. Nas actividades para persoas adultas participaron 4.128, das cales 2.600 asistiron a 150 xornadas e actividades formativas, 188 a visitas a cooperativas e 907 formaron parte de grupos promotores, organizadas arredores de 209 proxectos. Igualmente houbo formación para 76 axentes de intermediación, 275 de grupos de dinamización de sectores potenciais e 82 máis sobre o eido dos servizos sociais.

No referido a sectores potenciais, as xuntanzas tiveron lugar en diferentes localidades e os ámbitos da economía sobre os que se traballou foron o forestal, a produción agraria, aproveitamento da castaña, transportes, cultural, turismo, novas tecnoloxías ou formación, entre outros. Nas

xornadas sobre servizos sociais participaron varios grupos de persoas e delas saíron catro cooperativas das constituídas nestes dous anos co apoio da Rede, que ofrecen axuda a domicilio ou centros de día.

APOIO TÉCNICO


Cando un grupo de persoas se formula poder autoempregarse co modelo de cooperativa ou a través dunha sociedade laboral, conta coa Rede Eusumo para ter o apoio técnico preciso. Poderá así analizar todos os factores que incidirán na viabilidade ou non da súa idea de negocio e recibir a formación axeitada para organizarse internamente de acordo co modelo participativo e democrático propio da economía social.

Desta maneira, coñecerán as vantaxes de unirse á economía social, na que participan en Galicia 90.158 persoas como socias de diferentes tipos de cooperativas e sociedades laborais, e que crea 18.650 empregos.

Número de socios por tipoloxía



PRIMEIRO SEMESTRE




SABÍAS QUE...

... aínda que hai experiencias anteriores, a Rochdale Society of Equitable Pioneers (Sociedade Equitativa dos Pioneiros de Rochdale), fundada en 1844, é considerada como a primeira empresa cooperativa moderna? Fundada en Rochdale, preto da cidade inglesa de Manchester, foi unha cooperativa de consumo, e a primeira en distribuír entre as persoas socias os excedentes producidos pola súa actividade e en guiarse por principios democráticos, poñendo as bases do movemento cooperativo moderno.

... o 23 de abril de 1871 houbo unha xuntanza en Santiago de Compostela para constituír unha cooperativa? O suplemento do periódico 'Aurora de Galicia' recollía a noticia: "Ayer Domingo se verificó en esta ciudad una reunion de las clases trabajadoras con el objeto de organizar una Sociedad cooperativa. Segun hemos sabido se han alistado 67 obreros".

... o Grupo Eroski é a décima maior cooperativa do mundo no sector de consumo e distribución? Conta con 52.000 traballadoras e traballadores e no ano 2009 iniciou un proceso para converter en socias e socios as 38.500 persoas que aínda non o eran.



NOVOS CENTROS DA REDE EUSUMO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Colexio S. Xerome, Praza do Obradoiro
(15782 Stgo. de Compostela - A Coruña)
Telf: 881 811 001
reitor@usc.es

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Maestranza, 9 (15001 A Coruña)
Telf: 981 167 008
vedc@udc.es

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA – IGAPE

Complexo Adm. San Lázaro, s/n
(15703 Stgo. de Compostela - A Coruña)
Telf: 981 541 162
acam@igape.es

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Montero Ríos s/n (36900 Pontevedra)
Telf: 986 804 100
marina.pineiro@depo.es

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Cidade da Cultura de Galicia.
Edificio CINC 3º andar. Monte Gaiás
(15707 - Santiago de Compostela - A Coruña)
Telf: 881 997 565
ciidade.cultura@xunta.es

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA

Luís Seoane Torre 1 entrechán
(15008 A Coruña)
Telf: 981 136 901
formacion@cec.es

FUNDACIÓN RONSEL

Rúa Hospital nº 21 baixo
(15002 A Coruña)
Telf: 981 206 234
info@fundacionronsel.org

ASOCIACIÓN EMPRESARIAL APETAMCOR

Polígono Industrial San Cibrao 7B
(32901 San Cibrao das Viñas - Ourense)
Telf: 988 254 200
xerencia@apetamcor.com

ASOCIACIÓN EUROEUME

Rúa Capela nº 21
(15320 As Pontes - A Coruña)
Telf: 981 440 668
info@euroeume.org

ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL

Rúa Rafael Calleja, 11 - 13 baixo (15940
A Pobra do Caramiñal - A Coruña)
Telf: 981 832 959
ccadean@gmail.com

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO

Rúa San Pedro de Mezonzo, 44 baixo
(15701 Stgo. de Compostela - A Coruña)
Telf: 981596800
vivero@camaracompostela.com

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE TUI

Rúa Augusto González Besada, nº 15, 1º
(36700 Tui - Pontevedra)
Telf: 986 600 216
sg@camaratui.com

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

San Marcos s/n
(15318 Abegondo - A Coruña)
Telf: 981 669 541
info@marinasbetanzos.org

ASOCIACIÓN O VIEIRO LEBOREIRO

Avda. López Blanco, nº 9 baixo (32800 Celanova - Ourense)
Telf: 988 431 846
xerente@ovieiroleboreiro.com

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA DE ORDES

Oficina Comarcal Xunta de Galicia
Rúa de Galicia, s/n
(15680 Ordes - A Coruña)
Telf: 981 697 832
asdecomor@telefonica.net

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE FERROL

A Malata s/n (15591 Ferrol)
Telf: 981 333 165
info@camaraferrol.org

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE OURENSE

Avda. Habana, 30 bis (32003 Ourense)
Telf: 988 233 116
camara@camaraourense.com

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Casa do Concello, Lugar O Forte
(15881 Boqueixón - A Coruña)
Telf: 981 513 061
victoria.negrin@boqueixon.dicoruna.es

CONCELLO DE CAMARIÑAS

Praza de Insuela s/n
(15123 Camariñas - A Coruña)
Telf: 981 737 004
info@camarinas.net

CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, nº 2
(15360 Cariño - A Coruña)
Telf: 981 420 143
alcaldia@concellodecarino.com

CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
(27833 Xermade - Lugo)
Telf: 982 501 001
rodriguezarias.alcalde@concellodexermade.com

CONCELLO DA BOLA

Campo de Veiga nº 4
(32812 A Bola - Ourense)
Telf: 988 451 293
concello@concelloabola.es

CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

Praza do Concello nº 2
(32300 O Barco de Valdeorras - Ourense)
Telf: 988 320 202
tle.barco@mundo-r.com

CONCELLO DE OIA

Vista Alegre 3 (36794 Oia - Pontevedra)
Telf: 986 362 125
aedl@concellodeoia.es

CONCELLO DO ROSAL

Praza do Calvario, nº 1
(36770 O Rosal - Pontevedra)
Telf: 986 625 000
aedl@concellodorosal.es

CONCELLO DE VERÍN

Praza do Concello, 1
(32600 Verín - Ourense)
Telf: 988 410 000
secretaria@verin.net

FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

Rúa Alcalde Suárez Ferrín, 15
Sótano 2 Local 1
(15011 A Coruña)
Telf: 981 151 453
feaga@feaga.org

DIRECTORIO

CENTROS DE FOMENTO COOPERATIVO

**Teléfonos de atención para todos os
centros: 981 544 647 / 617 414 577**

CENTRO DE DESENVOLVEMENTO COOPERATIVO TRANSFRONTEIRIZO DE VERÍN

Parque empresarial de Pazos
(32619 Verín – Ourense)

Telf: 988 413 120

centro.cooperativo.verin@eusumo.coop

FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS-COOPERATIVA DO VAL

Vilacornelle, s/n O Val
(15541 Narón – A Coruña)

Telf: 981 363 556

eusumo.naron@eusumo.coop

FUNDACIÓN COREN

Estrada N-120 – Vía Provincial OU-0410,
nº 41. Razamonde

(32459 Cenlle – Ourense)

Telf: 988 404 805

eusumo.fundacioncoren@eusumo.coop

CAIXA RURAL DE LUGO

Fonte dos Ranchos, 2 (27004 Lugo)

Telf: 982 217 360

eusumo.lugo@eusumo.coop

FUNDACIÓN FEIRACO SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

Lg. de Pontemaceira, s/n. Agrón
(15864 Ames – A Coruña)

eusumo.fundacionfeiraco@eusumo.coop

CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO

República Argentina, 18
(36201 Vigo – Pontevedra)

eusumo.vigo@eusumo.coop

ASOCIACIÓN

ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS (AGACA)

Rúa Tomiño 22, entrechán (15703 Santiago
de Compostela - A Coruña)

Telf: 981 584 783

agaca@agaca.coop

AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SOCIEDADES LABORAIS DE GALICIA (AESGAL)

Rúa Alfredo Brañas 7, 3ªA (15701 Santiago
de Compostela - A Coruña)

Telf: 981 553 406

aesgal@aesgal.org

FEDERACIÓN DE COOPERATIVAS SINERXIA

Rúa Fernández Villaverde, 4-1º A, of. 3-4
(36002 Pontevedra)

Telf: 986 896 526

sinerxia@sinerxia.org

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABA- LLO ASOCIADO DE GALICIA (UCETAG)

Rúa Cronista Elías, 2 oficina 1A
(36209 Vigo – Pontevedra)

Telf: 986 866 149

info@ucetag.org

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABAJO ASO- CIADO (UGACOTA)

Rúa do Hórreo 104, baixo esquerda
(15702 Stgo. de Compostela - A Coruña)

Telf: 981 575 578

ugacota@ugacota.coop

UCOGATRA UNIÓN DE COOPERATIVAS

Costa San Marcos nº 3. (15820 Santiago
de Compostela - A Coruña)

Telf: 981 574 922

secretaria@ucogatra.es

DIRECTORIO

OFICINAS DE FOMENTO COOPERATIVO

CORSORCIO AS MARIÑAS

(Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada)
Lugar de Bos. Naves O Carballal, nº 4.
Guisamo (15640 Bergondo – A Coruña)
Telf: 981 784 704
cooperativismo@consorcioam.org

MANCOMUNIDADE ORDES

(Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia, Trazo, Ordes)
R. Xoxardo, s/n
(15680 Ordes – A Coruña)
Telf: 981 680 002
manuel.pena@ordes.dicoruna.es

MANCOMUNIDADE AROUSA NORTE

(Boiro, Rianxo, Ribeira, A Pobra do Caramiñal)
Casa Consistorial, 2º piso, Praza de Galicia, s/n
(15930 Boiro – A Coruña)
Telf: 981 845 236
cooperativismo@arousa-norte.es

AGRUPACIÓN SOBRADO

(Toques, Vilasantar, Boimorto, Sobrado)
Praza Portal, nº 1
(15813 Sobrado – A Coruña)
Telf: 981 787 508
maria.lloves@sobrado.dicoruna.es

MANCOMUNIDADE CAMIÑO FRANCÉS

(Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, O Pino, Pedrafita do Cebreiro, Portomarín, Samos)
Concello de Portomarín, Praza Conde de Fenosa nº1
(27170 Portomarín - Lugo)
Telf: 982545070

MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ

(Abadín, Castro de Rei, Cospeito, Outeiro de Rei)
Avda. da Terra Chá, 29 Feira do Monte
(27377 Cospeito – Lugo)
Telf: 982 520 001
oficinasxerais@concellodecospeito.es

AGRUPACIÓN LUGO

(Baralla, Becerreá, O Corgo, Lugo)
Edif. Cei-Nodus. Avd. A Coruña, 490,
1º andar (27003 Lugo)
Telf: 982 297 468
oficinadefomentocooperativo@cei.lugo.es

AGRUPACIÓN SARRIA

(Láncara, Paradela, Triacastela, Sarria)
Rúa Maios, nº 14
(27600 Sarria – Lugo)
Telf: 982 535 000
cooperativismo@sarria.es

MANCOMUNIDADE I.V. DO RIBEIRO

(A Arnoia, Beade, Castrelo de Miño, Cenlle, Leiro, Cortegada)
Fondal de Beade, s/n
(32431 Beade – Ourense)
Telf: 988 484 725
oriemprego@ribeiro.org

MANCOMUNIDADE CELANOVA

(A Merca, Cartelle, Celanova, Gomeśende, Pontedevea, Quintela de Leirado, Ramirás, Vereá)
Barrio da Hermida, nº 39, B
(32800 Celanova – Ourense)
Telf: 988 451 646
cooperativismo@terracedecelanova.es

AGRUPACIÓN RIÓS

(Verín, A Gudiña, Vilardevós, Riós)
Estrada de Ventas a Vilardevós (36211 Riós – Ourense)
Telf: 988 425 032
hablamos@danidieguez.com



AGRUPACIÓN A VEIGA

(O Bolo, Manzaneda, Pobra de Trives, A Veiga)

Praza do Concello, nº 1
(32360 A Veiga – Ourense)

Telf: 988 350 000

eva_igle@hotmail.com

AGRUPACIÓN NOGUEIRA DE RAMUÍN

(Parada de Sil, Esgos, Xunqueira de Espadanedo, Xunqueira de Ambía, Nogueira de Ramuín)

Estrada de Esgos, nº 2 baixo
(32160 Luíntra – Ourense)

Telf: 988 201 023

Cooperativismo.nogueira@gmail.com

AGRUPACIÓN CALVOS DE RANDÍN

(Porqueira, Entrimo, Sarreaus, Calvos de Randín)

Praza A Laborada, s/n
(32644 Calvos de Randín – Ourense)

Telf: 988 434 000

concello.calvosderandin@eidolocal.es

AGRUPACIÓN XINZO DE LIMIA

(Muíños, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia)

Rúa Curros Enríquez, nº 15
(32630 Xinzo de Limia – Ourense)

Telf: 988 550 111

rosa_ferreiro@yahoo.es

MANCOMUNIDADE DE VIGO

(Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Vigo)

Avda. Hispanidade, nº 17, baixo
(36203 Vigo – Pontevedra)

Telf: 986 423 366

ofi.cooperativismo@maiv.org

COMO CONCERTAR UNHA VISITA?

PODE SOLICITAR MÁIS INFORMACIÓN OU VISITAS GUIADAS:

- TELÉFONO: 981 554 630
- E-MAIL: EXPOCOOPERATIVA@EUSUMO.COOP



“DESCUBRE AS COOPERATIVAS”

EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL

